



Nota de Prensa

ANPE esixe na videoconferencia coa Conselleira aclaracións a todas as dúbidas xeradas co aprazamento das oposicións ao 2021 e a publicación de instrucións claras e detalladas sobre o que resta de curso escolar.

ANPE presentou na mesma unha serie de peticións e propostas, así como, aclaracións as múltiples dúbidas trasladadas por o profesorado.

Na reunión que a Conselleira de Educación mantivo a través de videoconferencia con un representante de cada organización sindical e un representante de cada confederación de AMPAS na tarde de hoxe, xoves 23 de abril, ANPE Galicia lamentou que non se tivera en conta en ningún momento aos lexítimos representantes dos traballadores do eido educativo á hora de acordar medidas que afectan directamente ás súas condicións de traballo xa que a reunión foi meramente informativa por parte da Administración. Desde a nosa organización criticamos abertamente o escurantismo e o proceder unilateral da Consellería de Educación na súa xestión na crise sanitaria actual. Destacar que a reunión foi un calco da intervención da Conselleira na Comisión de Educación de onte no parlamento .

Unha vez feita esta crítica inicial, desde ANPE Galicia consideramos que hai unha serie de puntos fundamentais que consideramos que seguen sen aclararse tras a xuntanza telemática de hoxe e que para a nosa organización son básicos e que enumeramos a continuación:

1.- Unha vez coñecida a postura final da Consellería de Educación en relación á celebración das oposicións docentes e o seu **aprazamento ao 2021** por falta de garantías sanitarias necesarias para a súa celebración, desde ANPE Galicia insistimos en que **non se pode perder ningunha das prazas convocadas na OEP 2020 pero descoñecemos o alcance legal e a loxística** se realmente se abre o prazo de inscrición cando se levante a suspensión dos prazos administrativos. Que pasará coas prazas de 2021?, quen poderá matricularse?, serán nas mesmas datas?, haberá procesos independentes para as do 2020 e as do 2021?. Son moitas as novas dúbidas que o anuncio de aprazamento feito onte xeran e **que a videoconferencia de hoxe non aclarou, polo que esiximos un pronunciamento claro da Consellería ao respecto e un informe xurídico da viabilidade do mesmo que de garantías legais a todo o proceso** . A resposta a todos nos foi que nos remiten a Mesa Sectorial da semana que ven.

2.- Unha vez publicada no BOE de hoxe a Orde de medidas excepcionais en materia de flexibilización do ensino de F.P e de Ensinanzas de Réxime Especial e tendo en conta a marxe de actuación que dita Orde deixa en mans das Comunidades Autónomas certos temas como: a duración da fase de FCT, o seu comezo, a súa posible substitución por outro tipo de actividades, etc. Desde ANPE Galicia volvemos demandar á Conselleira a publicación dunhas instrucións detalladas ao respecto. Así mesmo, demandamos instrucións claras en relación á terceira avaliación que recollan ensinanzas ata o de agora totalmente esquecidas como son a etapa de Educación Infantil ou as Ensinanzas Especiais. Ditas instrucións debe deixar claro dunha vez por todas as lagoas que profesorado e alumnado teñen na actualidade. Nesas instrucións deben precisar que tipo de contidos se poden ou se deben impartir neste terceiro trimestre, se hai que avanzar contidos curriculares ou establecer actividades únicamente de reforzo, se as actividades son avaliáveis ou non, etc.

3.- Debe haber unha planificación da Consellería de Educación sobre a volta do alumnado ás actividades lectivas presenciais insistindo na necesidade de **preservar, por riba de todo, a saúde de toda a comunidade educativa**; así como a planificación deste final de curso e do comezo do vindeiro en canto a medidas de protección e de seguridade laboral da comunidade educativa, espazos, quendas de asistencia, etc. se finalmente se opta por unha volta ás aulas. Así mesmo, deben elaborarse unhas instrucións claras e detalladas con todos os aspectos organizativos dos mesmos e debe dotarse aos centros educativos dos medios de protección e dos recursos necesarios.

4.- Coñecer e insistir na necesidade de ter uns **critérios de titulación e de promoción do alumnado comúns para todo o Estado** que eviten situacións de desigualdade entre diferentes comunidades autónomas. Demandamos na xuntanza de hoxe que a Consellería de Educación faga as presións e as xestións oportunas ante o Ministerio de Educación, que é o que ten competencias no tema de titulación e promoción neste sentido.

5.- Esiximos unha planificación axeitada para evitar posibles colapsos en prazos administrativos e convocatorias pendentes unha vez levantado o Estado de Alarma: matrícula de oposicións, comisións de servizos, concurso de adxudicación de destinos provisionais, renovación de direccións dos centros educativos, admisión de alumnado....Deben elaborarse **instrucións claras e detalladas ao respecto e unha calendarización axeitada e racional** de ditos procesos pendentes.

Xa para rematar dar unhas pinceladas das catro cuestións que realmente anticipou:

*Que a terceira avaliación será de reforzo e recuperación do alumnado que non acadou os coñecementos nas dúas primeiras avaliacións. Permitirase avanzar contidos aínda que non serán avaliados . Esperarase a Orde Ministerial e mañá a Consellería contactará co Ministerio para interesarse por ela.

*Están a espera de publicar instrucións de ABAU consensuadas na CIUG. Pedimos desde ANPE plan B por si a emerxencia sanitaria non permite facela.

* Coméntouse que onte se enviou un cuestionario a alumnos, familias, docentes.. para mellorar a coordinación educativa.

*As actividades de Verán están sen concretar e á espera de instrucións do Ministerio pero, non serán nunca curriculares.

* Da volta as aulas trasladou que primeiro o farían o alumnado de 2º de BAC e despois os mais cativos, sempre con licenza sanitaria.

* Todo o alumnado de 6º de educación infantil promocionará a 1º de educación primaria.

* Falou de **non incrementar a carga burocrática nos centros, tema no que insistiu ANPE** e máis tendo en conta a situación na que nos atopamos.

*Dixeron que os primeiros meses do vindeiro curso requirirán trato e programación especiais.

* Por último, falon de solicitar ao Ministerio un ambicioso plan de dixitalización para os centros educativos.

Secretaría de Comunicación ANPE Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2020.